



---

## SUMARIO

---

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

— Emendas formuladas ao Proxecto de lei de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes

Emendas formuladas polo G.P. Bloque Nacionalista Galego.

Doc. núm. 14924 33313

Emenda formulada polo G.P. Socialistas de Galicia.

Doc. núm. 14952 33315

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

— Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Borrajo Rivas e D. Ismael Rego González, sobre as actuacións que se deben

levar a cabo respecto do proxecto informativo da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, co fin de diminuír os prexuízos que ocasiona nos intereses dos concellos polos que percorre o trazado.

Doc. núm. 15017. Comisión 2.ª 33316

— Proposición non de lei en Comisión, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª Natividad González Laso, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación na que se atopan as infraestruturas educativas do concello de Cedeira.

Doc. núm. 15011. Comisión 4.ª 33319

### 4. Procedementos de información

#### 4.2. Interpelacións

— Interpelación, formulada por D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de desenvolvemento do Decreto 389/94, de atención aos problemas de saúde mental,

as carencias de medios existentes e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade nesta materia.

Doc. núm. 15007

33321

- Interpelación, formulada por D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da práctica monopolística de Supervisión e Control S.A., empresa responsable da inspección técnica de vehículos, e da necesaria revisión das abusivas tarifas que aplican nos labores de control aos usuarios.

Doc. núm. 15021

33325

- Interpelación, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia prevista polo Goberno galego respecto da ampliación a 25 do número de membros da Unión Europea e as liñas mestras do orzamento para o ano 2005, o nivel de execución dos fondos do MAC 2000-2006 e os impactos derivados da súa aplicación.

Doc. núm. 15269.

33328

- Interpelación, formulada polo G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa a contratación das persoas destinadas ao Plan de modernización do servizo público de emprego, a problemática existente e as previsións ao respecto.

Doc. núm. 15284.

33332

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto do impulso da creación de unidades de deshabitación ao tabaco nos servizos de atención primaria e o financiamento polo Sergas dos tratamentos farmacolóxicos de apoio aos usuarios.

Doc. núm. 15009

33336

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as subvencións concedidas polo Goberno galego á Federación Galega de Automobilismo, os mecanismos de control establecidos respecto do seu investimento e as medidas previstas en relación aos problemas sinalados polas escuderías do sector.

Doc. núm. 15020. Comisión 1.ª

33338

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de construción dun auditorio en Agolada.

Doc. núm. 15025. Comisión 4.ª

33340

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D.ª Carmen Gallego Calvar, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da non dispoñibilidade, polo sector pesqueiro galego, de acceso na actualidade aos datos estatísticos das distintas especies e lonxas de Galicia dos anos anteriores nos dominios [www.sipgalicia.org](http://www.sipgalicia.org) e [www.sipsipgalicia.org](http://www.sipsipgalicia.org) e as previsións ao respecto.

Doc. núm. 15008. Comisión 8.ª

33342

- Pregunta oral en Comisión, formulada por D. Margarita Pérez Herraiz e D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios seguidos pola CRTVG para emitir a opinión de representantes do Partido Popular tras a cobertura do debate de investidura do presidente do Goberno español no telexornal do mediodía do pasado 16 de abril.

Doc. núm. 15012. Comisión de Control da CRTVG

33344

#### 4.3.3. Preguntas por escrito

- Pregunta por escrito, formulada por D.ª Natividad González Laso e D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación na área sanitaria de Ferrol dunha xerencia única, expresamente dedicada ás enfermidades crónicas, que coordine a atención primaria e a especializada, e os datos referentes aos pacientes afectados.

Doc. núm. 15010

33345

- Pregunta por escrito, formulada por D.ª Natividad González Laso e D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da non adopción de medidas para a recuperación medioambiental da zona afectada por un vertido de residuos oleosos producido polo accidente dun camión cisterna na C-641, no lugar do Páramo, no termo municipal das Pontes, e as previsións ao respecto.

Doc. núm. 15013

33347

- Pregunta por escrito, formulada por D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do Goberno galego referentes aos alumnos e ás alumnas de educación infantil, primaria e secundaria con algún tipo de munusvalía física que lles impida a súa autonomía motriz e que estean necesitados de transporte especializado.

Doc. núm. 15014

33349

- Pregunta por escrito, formulada por D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do

Goberno galego referentes aos nenos e ás nenas afectados de parálise cerebral.

Doc. núm. 15015

33350

- Pregunta por escrito, formulada por D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes aos medios do Goberno galego para o transporte do alumnado afectado por algúnha minusvalía que lle limite ou impida a súa autonomía motriz.

Doc. núm. 15016

33351

- Pregunta por escrito, formulada por D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a peregrinación da mocidade cristiá con motivo do Ano xacobeo.

Doc. núm. 15022

33352

- Pregunta por escrito, formulada por D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o observatorio da publicidade.

Doc. núm. 15023

33354

- Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de mellora e ampliación do polígono industrial de Agolada.

Doc. núm. 15024

33357

- Pregunta por escrito, formulada por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de concentración parcelaria en Agra e O Sexo (Agolada).

Doc. núm. 15027

33359

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

**Emendas ó articulado formuladas ao Proxecto de lei de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.**

#### Presidencia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas formuladas ao Proxecto de lei de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

— Emendas formuladas polo G.P. Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14924).

— Emenda formulada polo G.P. Socialistas de Galicia (doc. núm. 14952).

Santiago de Compostela, 27 de abril 2004

José María García Leira

Presidente

## 3. Procedementos de control e impulso

### 3.6. Proposicións non de lei

#### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### Proposicións non de lei en Comisión formuladas

#### Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 23 de abril de 2004, admitiu a trámite e cualificou como proposicións non de lei, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios:

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Borrajo Rivas e D. Ismael Rego González, sobre as actuacións que se deben levar a cabo respecto do proxecto informativo da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, co fin

de diminuír os prexuízos que ocasiona nos intereses dos concellos polos que percorre o trazado (doc. núm. 15017).

#### Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura:

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Natividad González Laso, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da situación na que se atopan as infraestruturas educativas do concello de Cedeira (doc. núm. 15011).

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que se vaian debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004

Inmaculada Rodríguez Cuervo

Vicepresidenta 1.<sup>a</sup>

## 4. Procedementos de información

### 4.2. Interpelacións

#### Interpelacións formuladas

#### Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 23 de abril de 2004, admitiu a trámite e cualificou como interpelacións, polo procedemento de urxencia, os escritos que a seguir se relacionan:

— De D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de desenvolvemento do Decreto 389/94, de atención aos problemas de saúde mental, as carencias de medios existentes e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade nesta materia (doc. núm. 15007).

— De D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da práctica monopolística de Supervisión e Control S.A., empresa responsable da inspección técnica de vehículos, e da necesaria revisión das abusivas tarifas que aplican nos labores de control aos usuarios (doc. núm. 15021).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004

Inmaculada Rodríguez Cuervo

Vicepresidenta 1.ª

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 26 de abril de 2004, admitiu a trámite e cualificou como interpelacións os escritos que a seguir se relacionan:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia prevista polo Goberno galego respecto da ampliación a 25 do número de membros da Unión Europea e as liñas mestras do orzamento para o ano 2005, o nivel de execución dos fondos do MAC 2000-2006 e os impactos derivados da súa aplicación (doc. núm. 15269).

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación na que se atopa a contratación das persoas destinadas ao Plan de modernización do servizo público de emprego, a problemática existente e as previsións ao respecto (doc. núm. 15284).

O que se publica para xeral coñecemento. Polo procedemento de urxencia.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2004

Inmaculada Rodríguez Cuervo

Vicepresidenta 1.ª

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.1. Preguntas orais en Pleno

**Pregunta oral en Pleno, formulada por D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto do impulso da creación de unidades de deshabitación ao tabaco nos servizos de atención primaria e o financiamento polo Sergas dos tratamentos farmacolóxicos de apoio aos usuarios.**

Doc. núm. 15009

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 23 de abril de 2004, admitiu a trámite o escrito formu-

lado por D. Francisco Cerviño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto do impulso da creación de unidades de deshabitación ao tabaco nos servizos de atención primaria e o financiamento polo Sergas dos tratamentos farmacolóxicos de apoio aos usuarios (doc. núm. 15009).

Cualificouse como pregunta con resposta oral en Pleno.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004

Inmaculada Rodríguez Cuervo

Vicepresidenta 1.ª

#### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

##### Preguntas orais en Comisión formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 23 de abril de 2004, admitiu a trámite e cualificou como preguntas orais, acordando a súa tramitación na Comisión que se expresa, os escritos que a seguir se relacionan:

Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

— De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as subvencións concedidas polo Goberno galego á Federación Galega de Automobilismo, os mecanismos de control establecidos respecto do seu investimento e as medidas previstas en relación aos problemas sinalados polas escuderías do sector (doc. núm. 15020).

Comisión 4.ª, Educación e Cultura:

— De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de construción dun auditorio en Agolada (doc. núm. 15025).

Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo:

— De D.ª Carmen Gallego Calvar, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da non dispoñibilidade, polo

sector pesqueiro galego, de acceso na actualidade aos datos estatísticos das distintas especies e lonxas de Galicia dos anos anteriores nos dominios [www.sipgalicia.org](http://www.sipgalicia.org) e [ww.sip-sipgalicia.org](http://ww.sip-sipgalicia.org) e as previsións ao respecto (doc. núm. 15008).

Comisión de Control da Compañía de Radio-Televisión de Galicia:

— De D. Margarita Pérez Herraiz e D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios seguidos pola CRTVG para emitir a opinión de representantes do Partido Popular tras a cobertura do debate de investidura do presidente do Goberno español no telexornal do mediodía do pasado 16 de abril (doc. núm. 15012).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004  
Inmaculada Rodríguez Cuervo  
Vicepresidenta 1.ª

#### 4.3.3. Preguntas por escrito

##### Preguntas por escrito formuladas

###### Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 23 de abril de 2004, admitiu a trámite e cualificou como preguntas con resposta escrita os documentos que a seguir se relacionan:

— De D.ª Natividad González Laso e D. Francisco Cer-viño González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación na área sanitaria de Ferrol dunha xerencia única, expresamente dedicada ás enfermidades crónicas, que coordine a atención primaria e a especializada, e os datos referentes aos pacientes afectados (doc. núm. 15010).

— De D.ª Natividad González Laso e D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da non adopción de medidas para a recuperación medioam-biental da zona afectada por un vertido de residuos oleosos

producido polo accidente dun camión cisterna na C-641, no lugar do Páramo, no termo municipal das Pontes, e as previ-sións ao respecto (doc. núm. 15013).

— De D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do Goberno galego referentes aos alumnos e ás alumnas de educación infantil, primaria e secundaria con algún tipo de munus-valía física que lles impida a súa autonomía motriz e que estean necesitados de transporte especializado (doc. núm. 15014).

— De D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos do Goberno galego referentes aos nenos e ás nenas afectados de parálise cere-bral (doc. núm. 15015).

— De D. Manuel Luis Rodríguez González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes aos medios do Goberno galego para o transporte do alumnado afectado por algúnha minusvalía que lle limite ou impida a súa auto-nomía motriz (doc. núm. 15016).

— De D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a peregrinación da mocidade cri-tiá con motivo do Ano xacobeo (doc. núm. 15022).

— De D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o observatorio da publicidade (doc. núm. 15023).

— De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de mellora e ampliación do polígono industrial de Agolada (doc. núm. 15024).


— De por D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Blo-que Nacionalista Galego, sobre as previsións de concentra-ción parcelaria en Agra e O Sexo (Agolada) (doc. núm. 15027).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004  
Inmaculada Rodríguez Cuervo  
Vicepresidenta 1.ª



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa. 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



## Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas parciais ao Proxecto de lei de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (doc. núm. 14.263, BOPG nº 524, de 12 de Marzo de 2004).

### Emenda núm. 1, de modificación no apartado Catro.

Débese substituír o texto da letra a) do punto 1. do apartado Catro., polo seguinte texto:

“a) Cando o paciente esté circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, a criterio do médico responsable da asistencia, o dereito corresponderá por este orde ao cónxuxe ou persoa vencellada por unha relación afectiva semellante a el, aos seus familiares e, no seu defecto, á persoa cunha relación máis próxima.

No caso dos familiares, darase preferencia aos familiares de grao máis próximo e dentro dos de mesmo grao aos que exerzan de coidadores e, no seu defecto, aos de maior idade.”

**Emenda núm. 2, de supresión no apartado Catro.**

Débese suprimir a seguinte expresión do punto 2. do apartado Catro.:

"A interrupción voluntaria do embarazo,"

**Emenda núm. 3, de adición no apartado Trece.**


Débesse engadir no punto 7. do apartado Trece., o seguinte texto:

"7. a) Na rede sanitaria galega (pública e privada) incorporaránse técnicos superiores en documentación sanitaria (TDS) nas equipas multidisciplinares existentes."

Santiago de Compostela, 15 de Abril de 2004

Asdo.: Xosé Manuel Beiras Torrado  
Portavoz do G.P. do BNG





O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda ó articulado** do Proxecto de lei de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.


#### Emenda núm. 1

Modificación do punto catro de modificación do artigo 6, 1.a) segundo parágrafo:


Onde di: “...preferencia ó cónxuxe, e no seu defecto...”, debe dicir: “... preferencia ó cónxuxe ou parella de feito, e no seu defecto...”

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2004

Asdo.: Emilio Pérez Touriño  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados **Pedro Borrajo Rivas** e **Ismael Rego González**, a través do seu portavoz e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**:

Os Concellos que conforman a Comarca do Baixo Miño, como consecuencia da súa situación periférica, levan tendo dificultades de comunicación tanto coas cidades das que dependen en varios servizos (administrativos, sanitarios, educativos e laborais), como coa actual Autovía e Ferrocarril máis próximos. A C-550, que no seu día mellorou substancialmente a seguridade viaria e o tempo de desprazamento dos veciños, fai tempo que resulta altamente insuficiente e limitadora para os actuais fluxos de tráfico que cada día ten que canalizar.

Recentes actuacións, algunhas en execución, como a Ponte entre Vilanova de Cerveira e Goián, e outras en redacción (establecemento de solos industriais en Tomiño, Rosal e A Guarda), veñen a acentuar máis aínda a necesidade xa existente, e mesmo obrigan a seren moi considerados na solución que se formule; pero deben ter a mesma consideración tanto as conexións e as necesidades circunvalatorias dos respectivos concellos como o mínimo prexuízo aos asentamentos de poboación e ás relacións sociais dos mesmos, aos seus recursos naturais, ás zonas agrícolas máis fértiles, ás zonas protexidas e de interese ambiental, ou aos bens de patrimonio histórico, arqueolóxico e etnográfico.

O día 13 de Febreiro, o Sr. conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, presentou na Guarda o Estudio Informativo da VAC que pretende ser o eixe vertebrador da Comarca do Baixo Miño, que mellorará a seguridade vial e potenciará o desenvolvemento da Comarca, estimulando o asentamento de máis industria e de máis poboación, e en definitiva de máis benestar e progreso.



Grupo Parlamentario

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

20 ABR. 2004

Núm.: 16017



Sen embargo, o trazado proposto vai a provocar a ruptura territorial e social de diversos barrios e parroquias a modo de barreira artificial infranqueable; é obstáculo para as relacións cidadáns habituais e destes coas súas explotacións agrícolas e terras de cultivo; conleva a demolición de vivendas, afecta a zonas cualificadas como solos urbanos de núcleos rurais e outros con vontade residencial; aos solos agrícolas máis fértiles, o que tamén implica un valor económico dos bens afectados maior que o consignado na proposta de referencia; en definitiva, pódese asegurar que os efectos negativos son desproporcionados.


Entendemos os socialistas, e polo de pronto parecen coincidir coa nosa posición, con independencia das alegacións formais, aínda en prazo, que puideran presentar, as institucións municipais: alcaldes, portavoces de forzas políticas con representación municipal e Plataformas Cidadáns constituídas ao efecto, ben nas súas alegacións, ben nos seus comunicados públicos; nos seguintes extremos:

- a) Apoiar a necesidade da mellora das infraestruturas viarias na comarca.
- b) Rexeitamento, sen excepción, ao trazado formulado tanto ao proposto nº 2 como ás restantes alternativas.


Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia formula a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Solicitar da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o cambio do Proxecto Informativo da Vía de Alta Capacidade Tui – A Guarda, para que, discorrendo polo monte, resulte menos prexudicial para os intereses dos concellos polos que discorre o trazado, de xeito que conteña as necesarias conexións coa Ponte Internacional Vilanova de Cerveira – Goián, Vila do Rosal, Parque Empresarial A Guarda-Rosal, e cumpra o papel de circunvalación á Guarda.




Grupo Parlamentario



2. Solicitar da Xunta de Galicia que elabore e remita ao Parlamento galego un estudo sobre a comunicación Tui – A Guarda – Baiona incluíndo a posibilidade de autovía, no que se recollan características técnicas e de trazado, que resulte o menos prexudicial ós intereses socioeconómicos dos concellos afectados, e tendo en conta o mínimo impacto ambiental.


3. Incorporar no Proxecto de Trazado da posible Autovía a reposición simultánea de danos en servizos, tales como accesos a núcleos de poboación, a solos de uso agrícola ou forestal, saneamentos, augas de consumo ou de rego e outros que se ocasionaran polo cambio de trazado.

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2004.

  
Asdo.: Pedro Borrajo Rivas  
Ismael Rego González  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

  
Asdo.: Emilio Pérez Touriño  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Natividad González Laso** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión**.

A Comunidade Autónoma galega ten plenas competencias en materia de Educación, e correspóndelle ao Goberno galego, contemplar as necesidades de escolarización, os recursos didácticos e de equipamento, así como a construción de novos edificios ou a remodelación e a ampliación dos existentes.


En Galicia, a implantación das ensinanzas LOXSE, atopouse con dificultades financeiras na configuración da rede de centros, con especial incidencia na zonas rurais onde os investimentos foron e son insuficientes para garantir un ensino público de calidade e en condicións de igualdade de oportunidades.


Esto é o que explica, non xustifica, os feitos ocorridos en Cedeira, o pasado día 2 de abril, no CEIP Nicolás del Río.

Efectivamente ese día, un neno de cinco anos resultaba ferido por fractura de tibia e peroné, como consecuencia do desplome do falso teito dunha das aulas de infantil. Así comezaba a angustia das 400 familias con fillas e fillos de infantil e primaria, escolarizados no CEIP Nicolás del Río, que non se fían da seguridade do edificio e que reclaman garantías.

Dende hai anos, a comunidade educativa de Cedeira, á vista da antigüidade dos edificios e das diversas ampliacións, insiste na necesidade dun reopranteamento das infraestruturas educativas do concello de Cedeira, que atenda ás actuais e futuras demandas dun ensino de calidade.

Queda patente a urxencia de novos edificios pola dificultade de realoxo dos alumnos afectados, que provocará o desprazamento de 120 alumnos de ESO a unhas improvisadas aulas en espazos do IES tales como a bibliotecas, salón de actos e despachos.





Os socialistas entendemos como xustas as preocupacións e as demandas das familias cedeirasas, usuarias do sistema educativo, para facer efectivo o seu dereito a dispor dunha educación de calidade e nun entorno saudable e acolledor para os seus fillos.

Xa que para nós, o ensino é un investimento estratéxico pola repercusión que ten no futuro desenvolvemento das persoas e para garantir a igualdade de oportunidades, formulamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Que a Consellería de Educación, en colaboración coas familias e coas demais comunidades educativas, acorde o establecemento das medidas necesarias para que o actual curso académico transcorra cos menores inconvenientes académicos e coas máximas condicións de seguridade.
2. Que a Consellería de Educación, atendendo ás necesidades educativas do concello de Cedeira, habilite con urxencia os orzamentos necesarios para a construción dun novo centro de ensino público de infantil e primaria e dun aulario de ESO.
3. Que de xeito urxente e concertado se proceda a definir a radicación dos novos edificios para afrontar con garantías o novo curso académico.


Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2004.

Asdo.: Natividad González Laso  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Emilio Pérez Touriño  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



■ Grupo Parlamentario



### Á Mesa do Parlamento

**Francisco Cerviño González**, deputado pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **interpelación**:


A atención aos enfermos mentais, o que se coñece como saúde mental e atención psiquiátrica é a cincenta do noso sistema sanitario; constitúe, sen dúbida, o principal problema do sistema sanitario galego.

Existe en Galicia un esquema de atención aos problemas de saúde mental (o decreto 384/94) desde hai dez anos, que goza dun amplo consenso no sector profesional e é similar ao existente na maioría das comunidades autónomas.


O problema é que, como tantas veces nestes anos ten sucedido coa lexislación e coa normativa promovida polo Goberno do Partido Popular do Sr. Fraga Iribarne, este Decreto, dez anos despois, desenvolveuse moi pouco, o que o converte nun acto máis de propaganda e nunha mentira máis do Goberno do Partido Popular.

Porque a realidade é que despois de 10 anos de vixencia do Decreto 389/94 “continúan existindo serias deficiencias que ao noso xuízo determinan un paulatino colapso asistencial en toda a rede”, palabras textuais recollidas das alegacións da Asociación Galega de Saúde Mental, asociación profesional que agrupa á maioría dos psiquiatras, psicólogos e enfermeiros/as de Saúde Mental do noso país, ao Plan Director do Servizo de Saúde Mental do Sergas, recentemente enviadas.

Así, o dispositivo principal do sistema asistencial, que non é outro que as Unidades de Saúde Mental, segue sendo insuficiente, case o mesmo que hai dez anos, ademais conta cunha escasa dotación de recursos que “está determinado un progresivo empobrecemento da práctica clínica obrigando ao



■ Grupo Parlamentario



profesional a realizar a súa actividade contra reloxo, contra listas de espera e contra o concepto da psiquiatría comunitaria que o propio decreto define”.

Por outro lado, a debilidade das Unidades de Saúde Mental condiciona en grande parte a demanda excesiva que sofren as unidades de hospitalización. Esta sobredemanda, a presión de urxencias (á súa vez condicionada polas listas de espera), e o factor demográfico, impide a atención programada en réxime de hospitalización.

O número de camas de agudos é, por outra banda, baixo, lonxe da ratio 1 cama cada 10.000 habitantes que define o Decreto, o que produce unha crecente ausencia de camas en toda Galicia, tendo que recorrer moitas veces como única solución ao concerto con entidades privadas, “moitas das cales presentan carencias que consideramos inadmisibles e incompatibles co principio de igualdade”, en palabras da Asociación Galega de Saúde Mental.

Esta situación vese agravada pola ausencia de novas alternativas asistenciais á hospitalización clásica (unidades de intervención en crise, hospitalización a domicilio, etc.), e tamén, en determinadas áreas sanitarias, pola inexistencia dun hospital de día, que é un recurso de gran valor, sobre todo ante a escaseza e insuficiencia de camas nas unidades de hospitalización.


Galicia presenta, ademais, un grande déficit de prazas de media e longa estancia para pacientes necesitados de períodos de internamento prolongado - Unidades Hospitalarias de Rehabilitación-, está alongando de xeito inadecuado os ingresos nas unidades de agudos, aumentando a estancia media, xerando listas de espera, sobreocupando e mesmo colapsando as urxencias psiquiátricas, e sobrecargando ás familias.

Así mesmo son practicamente inexistentes os Centros de Día e os equipos de continuidade de coidados que neles se poidan encadrar, que son un excelente medio para a atención ao paciente cronificado.

Os programas de apoio e reinserción social (residencial, de integración laboral, e de integración social), están tamén moi escasamente desenvolvidos.



Grupo Parlamentario



así como as Unidades específicas para internamento de menores de 18 anos e as Unidades de Psicoxeriatría; e cabe sinalar a ausencia dunha unidade de internamento específica para enfermos xudiciais exentos de responsabilidade criminal, que xa foi traída á Cámara por este deputado en forma de proposición non de lei.

E cabería sinalar por último a ausencia dunha asistencia regradada á poboación penitenciaria, cunha demanda crecente, e que xera múltiples problemas que acaban repercutindo nas urxencias psiquiátricas e nas unidades de Saúde Mental.

Este deputado cre que todo o anterior debuxa un escenario moi negativo, detrás do que hai un gran sufrimento e desesperación dos pacientes e dos seus familiares, situación que o Goberno do Partido Popular que preside o Sr. Fraga Iribarne desde hai case quince anos, e os seus conselleiros, nomeadamente o actual, o Sr. Hernández Cochón que leva oito anos, foron INCOMPETENTES para darlle unha solución.

O deputado que asina formula a seguinte interpelación:

1.<sup>a</sup>) ¿Podería o Sr. conselleiro de Sanidade, puntuando de 0 a 10, sendo “0” ningún desenvolvemento e “10” o 100% de desenvolvemento, cualificar o grao de desenvolvemento do Decreto 389/94, de atención aos problemas de saúde mental?


2.<sup>a</sup>) ¿Cantas Unidades de Saúde Mental máis considera o Sr. conselleiro que son necesarias no país?

3.<sup>a</sup>) ¿Considera adecuado o Sr. conselleiro o número de camas de agudos?

4.<sup>a</sup>) ¿Cal son os parámetros de calidade que se utilizan para autorizar as clínicas psiquiátricas privadas?



■ Grupo Parlamentario



5.<sup>a</sup>) ¿Pensa o Sr. conselleiro estender os Hospitais de Día a tódalas áreas sanitarias tal como sería desexable? ¿Cal é o calendario previsto neste eido, se o hai?

6.<sup>a</sup>) ¿Ten pensado o Sr. conselleiro desenvolver unidades de hospitalización a domicilio, e unidades de intervención en crise?

7.<sup>a</sup>) ¿Considera o Sr. conselleiro insuficientes as prazas de hospitalización nas Unidades de Rehabilitación? Se a resposta é negativa, ¿cal son os seus plans, incluíndo o calendario, para o seu desenvolvemento?

8.<sup>a</sup>) ¿Pensa o Sr. conselleiro desenvolver unha rede de Centros de Día para atender a este tipo de pacientes crónicos?

9.<sup>a</sup>) ¿Podería explicitar o Sr. conselleiro os programas de apoio e reinserción social para enfermos mentais con que conta a Consellería?

10.<sup>a</sup>) ¿Considera o Sr. conselleiro a necesidade de crear unha unidade específica para internamento de menores de dezaioito anos?

11.<sup>a</sup>) ¿Ten algún proxecto para impulsar unidades multidisciplinares de psioxeriatría?

12.<sup>a</sup>) ¿Considera necesario o Sr. conselleiro a creación dunha unidade específica para internamento de enfermos xudiciais exentos de responsabilidade criminal?

13.<sup>a</sup>) ¿Qué solución considera o Sr. conselleiro mellor para dar unha asistencia regradada á poboación penitenciaria no campo da saúde mental?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2004.

Asdo.: Francisco Cerviño González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia




BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




### Á Mesa do Parlamento

Xosé Henrique Rodríguez Peña, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, apresenta a seguinte Interpelación, relativa ás posicións da Xunta de Galiza respecto da práctica monopolística de Supervisión e Control S.A., empresa responsable da Inspección Técnica de Vehículos, e da necesaria revisión das abusivas tarifas que aplican nas labores de control a os usuarios.

Son moitas as iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentar do BNG respecto da situación de total “monopolio”, que se practica na Galiza, nos traballos correspondentes á Inspección Técnica de Vehículos. E dicir, resulta actualmente inexplicable a falla de competencia con outras empresas na mesma tarefa, incumprindo totalmente a normativa comunitaria ao respecto.

O Grupo Parlamentar do BNG, que considera de todo ponto xustificado o rescate da concesión pola administración pública galega, tendo de conta o enorme impacto económico sobre o cidadán e mesmo das esperas que soportan para o cumprimento dos prazos legalmente establecidos, producíndose procesos pintorescos para non ter que soportar a espera ante o vencimento do prazo, a falla de control e a certificación de garantía do actuado na inspección como xa denunciou o Tribunal Superior de Xustiza no seu momento, a disposición en favor da empresa privada do censo do parque automovilístico actuante en cada momento e, como non, as tarifas de aplicación por unha empresa privada co consentimento da Xunta de Galiza.



No caso das tarifas de aplicación por inspección de vehículos, os cidadáns galegos soportan as tarifas máis caras do conxunto de todo o Estado español, sen xustificación posíbel.


É por todo que se presenta a seguinte Interpelación:

1.<sup>a</sup>) ¿Pensa a Xunta de Galiza, tendo en conta a afección negativa da práctica monopolística que se exerce na Galiza na inspección técnica de vehículos, en proceder ao rescate da concesión ou ben considera a necesidade de establecer unha maior competencia co establecemento de novas empresas?

2.<sup>a</sup>) ¿Non considera a Xunta de Galiza un abuso a aplicación tarifaria que aplica a empresa Supervisión e Control S.A. aos cidadáns usuarios da inspección técnica de vehículos, tendo en conta o carácter obrigatorio da utilización das estacións de ITVs?

3.<sup>a</sup>) ¿Pensa establecer a Xunta de Galiza os mecanismos de revisión tarifaria de forma que o cidadán galego teña a mesma consideración que os cidadáns doutras comunidades autónomas que soportan prezos nalgún caso un 50% inferiores?

4.<sup>a</sup>) ¿Ten nomeado a Xunta de Galiza os interventores ou inspectores que, conforme a mandato parlamentar e como consecuencia do fallo do Tribunal Superior de Xustiza, deben constituir a garantía da actuación nos traballos de inspección técnica de vehículos obligatoria?




5.<sup>a</sup>) ¿Coñece a Xunta a cifra de beneficios anual da empresa que xestiona as ITVs?

6.<sup>a</sup>) ¿Coñece a Xunta o procedemento que se utiliza para resolve-las esperas dos cidadáns ante o cumprimento do prazo legal establecido para proceder á inspección técnica dos vehículos?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2004.

Asdo.: Xosé Henrique Rodríguez Peña  
Deputado do G.P. do BNG

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a **interpelación con trámite de urxencia**.

A urxencia vén motivada porque o 1 do próximo mes de maio entraran a formar parte da UE 10 novos membros e porque o Goberno galego está próximo á elaboración dos orzamentos do ano 2005.

A partir do 1 de maio, a UE a 25 é xa unha realidade e, Galicia ten que participar, competir e integrarse nun espazo político e socioeconómico de 450 millóns de cidadáns.


Os socialistas vimos advertindo nestes últimos tres anos, que había que afrontar a ampliación da UE como unha oportunidade para Galicia e que había que posicionarse nas mellores condicións para competir. Abrirase, ábrese, un espazo sen fronteiras moi amplo e criamos que era necesario facer un esforzo na modernización do tecido productivo, dos sectores básicos da nosa economía agricultura e pesca, e de acurtar distancias coa UE en materia de I+D+I, educación, medio ambiente e infraestruturas. En definitiva, propuxemos un avance decidido na dirección da facer do país un territorio atractivo e competitivo, equilibrado territorialmente e socialmente cohesionado.


Para isto determinamos a necesidade de optimizar o impacto dos fondos europeos 2000-2006, reorientándoos cara os sectores e actividades máis directamente relacionados coa competitividade futura da economía e incrementar a súa capacidade de xerar emprego estable e de calidade.

Ao iniciarse o período de ralentización do crecemento económico na UE, e en Galicia os socialistas plantexamos un conxunto de medidas como programa urxente para reactivar la actividade económica de Galicia e , ganar posición en termos de competitividade, reorientando a política económica do Goberno, que nos permitise cambiar de modelo de crecemento.

Así mesmo, os socialistas propuxemos nos últimos debates orzamentarios, a necesidade de incrementar o gasto en educación, I+D+I, políticas sociais de apoio ás familias, reorientación das axudas ás empresas, creación de un fondo de equilibrio territorial e priorizar os investimentos que vertebran o país e preserven o medio ambiente.

Nin as nosas propostas, nin obxectivos definidos pola estratexia de Lisboa no ano 2000, nin, agora, as prioridades fixadas pola UE para a Europa ampliada fixeron cambiar a estratexia económica do Goberno galego.



■ Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REGISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE	
	22 ABR 2004		
	Núm.: 15-269		

Dende o ano 1995 ao 2002, a economía galega creceu de media case un punto porcentual menos que a española, mantemos taxas de ocupación e actividade inferiores ás de España e, polo contrario, taxas de paro e precariedade superiores ao conxunto das comunidades autónomas, e moi alonxadas das medias comunitarias.

O modelo de crecemento baseado no consumo interno, construción e salarios baixos tocou feito e a economía galega non alcanza as taxas de crecemento da española e, polo tanto, diverxe en termos de PIB e estándares de benestar.

A brecha en capital tecnolóxico en relación coa media da UE ampliase e chegamos ás portas da UE-25 e das novas perspectivas financeiras 2007-2013 nas peores condicións en termos de competitividade.

A baixa formación dos traballadores, o escaso contido tecnolóxico dos nosos produtos e polo tanto, das nosas exportacións, a presenza marxinal das nosas empresas nos mercados exteriores á UE, a escasa capacidade de atracción de investimentos estranxeiros e a marxinal presenza do capital galego no exterior, determinan as debilidades reais da economía galega.

Desperdiouse unha parte importante dos 5.408 millóns de euros do M.A.C. 2000-2006, a pesar de que os socialistas, xa no ano 2001, alertamos sobre a necesidade de reorientación dos fondos da UE para priorizar os elementos básicos de capitalización da economía. Non foi así, o Goberno galego, maquillando a realidade, apostou por unha actitude triunfalista de que converxiamos con España e con Europa, sen poñer en cuestión o modelo de crecemento sen valorar outras posibilidades para garantir un crecemento sostible no tempo.


Hoxe, o Goberno galego vén de aceptar que o seu modelo está esgotado, que nos aproximamos a crecementos inferiores posiblemente ao 1%, e cifran tódalas expectativas de maiores crecementos nos investimentos extraordinarios do Plan Galicia. Calculando que a un horizonte ata o 2015, recibiremos os mesmos recursos da UE, difícil de garantir, e do Estado, ademais dos investimentos adicionais de dito plan.

Os socialistas cremos que estamos ao final de un proxecto e o propio Goberno así o reconece. É necesario cambiar de estratexia económica, reorientar os fondos dispoñibles do M.A.C. 2000-2006 e plantear novas prioridades para as próximas perspectivas de financiamento, axustando a maior parte dos recursos ás fixadas pola UE, que permitan ganar competitividade, crear emprego de calidade, mellorar os niveis de benestar e equilibrar o territorio.

Polo exposto, a deputada asinante presenta a seguinte interpelación:



Grupo Parlamentario




¿Qué estratexia definiu o Goberno galego para afrontar a nova situación creada como consecuencia da ampliación da UE a 25?

¿Cales serán as liñas mestras do escenario orzamentario para o ano 2005?



¿Cal é o nivel de execución dos fondos do M.A.C. 2000-2006?

¿Qué impactos en capital humano, físico e tecnolóxico estimou o Goberno galego que se xeraron como consecuencia da aplicación dos recursos europeos do M.A.C. 2000-2006?


Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2004




Asdo: Emilio Pérez Touriño  
Portavoz do G.P. dos  
Socialistas de Galicia




Asdo: Ismael Rego González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asdo: Maria Dolores Villarino Santiago  
Deputada do G.P. dos Socialistas  
de Galicia





Asdo: Natividad González Laso  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia




Asdo: Pablo López Vidal  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
de Galicia








  
Asdo: Francisco Cerviño González  
Deputado do G.P. dos Socialistas  
de Galicia


  
Asdo: Miguel Cortizo Nieto  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


  
Asdo: Francisco Sineiro García  
Deputado do G.P. dos Socialistas  
de Galicia


  
Asdo: María Soledad Soneira Tajés  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


  
Asdo: Ricardo Varela Sánchez  
Deputado do G.P. dos Socialistas  
de Galicia


  
Asdo: Margarita Pérez Herraiz  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

  
Asdo: Laura Seara Sobrado  
Deputada do G.P. dos  
Socialistas de Galicia


  
Asdo: Manuel Luis Rodríguez González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

  
Asdo: Pedro Borrajo Rivas  
Deputado do G.P. dos  
Socialistas de Galicia

  
Asdo: Modesto Pose Mesura  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

  
Asdo: María Carmen Gallego Calvar  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





### Á Mesa do Parlamento

- Os deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación** para a súa tramitación pola vía de **urxencia**.

- **A urxencia vén motivada polo cúmulo de circunstancias e controversias que se deron en relación coa contratación e o despido dun amplo número de persoas nunha institución Pública; poñendo, coa súa actuación, en entredito a credibilidade e a fiabilidade da propia Xunta de Galicia. Así mesmo porque foi reiteradamente demandada na Xunta de Portavoces a comparecencia da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, para dar conta desta cuestión sendo, sistematicamente, negada polo voceiro do Partido Popular.**

O Plan de modernización do servizo público de emprego, pretende, segundo a publicidade oficial da Xunta de Galicia, acadar nas persoas que están na procura de traballo, un coñecemento preciso do mercado laboral a través de titorías individualizadas.


Con este compromiso de asignar un titor individual a cada demandante de emprego, procede á contratación de persoal para conseguir estes obxectivos.

Para a execución deste programa, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais formalizou no mes de setembro de 2003, 141 contratos de traballo temporal por obra e servizo determinado. A data de finalización dos contratos foi establecida pola Consellería o día 31 de decembro de 2003.


Diante destas comunicacións, a maior parte do colectivo contratado comeza a mobilizarse, na defensa dos seus dereitos laborais. Así presentan unha queixa diante do Valedor do Pobo, poñendo de manifesto as graves irregularidades cometidas pola Consellería, que ten conferida a obriga legal de velar pola calidade do emprego, a legalidade das contratacións, así como pola incentivación do mundo laboral.

Neste escrito demandan do Valedor, para que vele pola seguridade dos contratos e que interceda na continuación deles, xa que o programa de inserción laboral individualizada ten unha continuidade do tempo.

Con posterioridade, os afectados formularon no mes de xaneiro de 2004 a oportuna reclamación previa en materia de despidos que foi desestimada pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.



■ Grupo Parlamentario




Diante da incompreensión por parte da Administración autonómica, os afectados víronse forzados a acudir á vía xurisdiccional. Así presentáronse varias demandas en diferentes xulgados do social. A maioría das sentencias poñen de manifesto nos fundamentos de dereito o seguinte:

- 1.- Que a improcedencia do despido é clara e manifesta.
- 2.- Obxecto do contrato indefinido. A fixación da data concreta de remate é incompatible coa finalidade da modalidade contractual empregada.
- 3.- A defectuosa contratación determinará que os seus contratos de traballo teñan carácter indefinido o que implica un despido de traballadores e traballadoras.
- 4.- Califícase o despido como improcedente coas consecuencias previstas na lexislación laboral vixente.


O fallo da sentenza declara improcedente o despido e condena á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a readmitir aos traballadores e traballadoras despedidos ou a indemnizalos pola extinción da relación laboral.

Tendo en conta a gravidade dos feitos postos de manifesto, así como a conflictividade xerada pola Consellería competente na materia de emprego, a que ten que prestar un servizo público de promoción, intermediación e comunicación entre os demandantes de emprego e os empregadores, e polo que formulamos a seguinte interpelación ao Goberno galego:

- 1.ª) ¿En que situación se encontra a contratación das persoas destinadas a este Plan de modernización do servizo público de emprego?
- 2.ª) ¿Como se solventarán as diverxencias existentes entre a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública sobre a modalidade de contratación?
- 3.ª) ¿Tendo en conta as resolucións xudiciais condenatorias que pesan sobre a Xunta de Galicia?
- 4.ª) ¿Que grao de afección sofre o Goberno en canto a súa credibilidade e confiabilidade, cometendo fraude de lei e incumprindo o principio xeral de que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e con sometemento pleno á lei e ao dereito?



■ Grupo Parlamentario



5.ª) ¿Pensa asumir a Consellería responsable, algún tipo de responsabilidades por fomentar na Administración pública galega a precariedade laboral?

6.ª) ¿Cal é a solución prevista para solventar este contencioso por parte da Consellería que ten a obriga de velar pola contratación con todas as garantías no noso país?

Pazo do Parlamento, 22 de abril de 2004


Asdo: Emilio Pérez Touriño  
Portavoz do G.P. dos  
Socialistas de Galicia

Asdo: Ismael Rego González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo: María Dolores Villarino Santiago  
Deputada do G.P. dos Socialistas  
de Galicia

Asdo: Natividad González Laso  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Pablo López Vidal  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
de Galicia



Grupo Parlamentario



PSG  
PSOE



Asdo: Francisco Cervino González  
Deputado do G.P. dos Socialistas  
de Galicia

Asdo: Miguel Cortizo Nieto  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Francisco Sineiro García  
Deputado do G.P. dos Socialistas  
de Galicia

Asdo: Maria Soledad Soneira Tajés  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Ricardo Varela Sánchez  
Deputado do G.P. dos Socialistas  
de Galicia

Asdo: Margarita Pérez Herraiz  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo: Laura Seara Sobrado  
Deputada do G.P. dos  
Socialistas de Galicia

Asdo: Manuel Luis Rodríguez González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo: Pedro Borrajo Rivas  
Deputado do G.P. dos  
Socialistas de Galicia

Asdo: Modesto Pose Mesura  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: María Carmen Callego Calvar  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**


**Francisco Cerviño González**, deputado pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**:

Diante da dramática e terrible realidade, que ninguén discute, de que 70 persoas morren cada semana debido ao tabaco, en días pasados o Sr. conselleiro de Sanidade presentou o concurso “Déixao e gaña”, para premiar con viaxes, diñeiro en metálico e outros regalos (a través dun sorteo), o deixar de fumar durante un mes.


A verdade é que querer combater esta dramática epidemia que supón o tabaquismo, tratar de que aquelas persoas que son conscientes do mal que lles fai fumar e o queren deixar pero non son capaces porque deixar de fumar é moi difícil, con concursos como este, sen outros medios moito máis potentes ao lado, é como querer curar unha gangrena gaseosa botando pós de sulfamida na ferida.

Manifestou o Sr. conselleiro de Sanidade a necesidade de apoiar ás persoas que queren deixar de fumar, e estamos de acordo, pero nós cremos que este tipo de medidas son totalmente insuficientes, quédanse na propaganda –na que o Goberno do presidente Fraga, e o Sr. conselleiro de Sanidade son verdadeiros expertos, aínda que cada vez cola menos-; e ó lado disto non hai nada.

Pensamos que reducir o número de fumadores é unha prioridade, a primeira prioridade en saúde pública, para calquera conselleiro de Sanidade; e é desde logo a mellor decisión que sobre a súa propia saúde pode tomar unha persoa. Pero só hai unha maneira de facelo: creando Unidades de Deshabitación Tabáquica, e financiando as terapias farmacolóxicas de apoio, tal como propuxemos os socialistas na Cámara mediante unha Proposición non de lei que foi rexeitada cos votos do Grupo Popular, argüindo que hai 1.600 centros antitabaco en Galicia, cando non hai na práctica ningún.



Grupo Parlamentario




- dispoñible para a poboación xeral. Desde logo con mentiras deste calibre non amañamos o principal problema de saúde que ten este país. E só con propaganda do tipo de “déixao e gaña” (similar ao famoso “Ollo ao piollo”) tampouco.

- Polo exposto, o deputado que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

¿Ten pensado o Sr. conselleiro de Sanidade impulsar a creación de Unidades de Deshabitación ao tabaco nos servizos de atención primaria, financiando con cargo ao Sergas os tratamentos farmacolóxicos de apoio aos usuarios?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2004.

  
Asdo.: Francisco Cerviño González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia






OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



## Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.


A Xunta de Galiza adica unha parte importante dos orzamentos, destinados a deportes, ao tecido asociativo. Así, as federacións deportivas e os clubs reciben importantes cantidades de recursos públicos. Parece necesario que por parte da Xunta se faga un certo seguimento da utilización deses recursos para que cumplan a finalidade para o que son concedidos.

Non é a primeira vez que o BNG interpela a Xunta polo control desas subvencións ante noticias públicas ou datos que chegan ao noso grupo sobre algunha subvención en particular. Este volve ser o obxecto desta pregunta.

Ao noso grupo se lle teñen feito chegar escritos e documentos que motivan o noso interese pola finalidade da subvención concedida á Federación Galega de Automovilismo. Estes escritos motivan que teñamos interese en coñecer cales foron as cantidades concedidas en subvencións nos derradeiros exercizos, en base a que actividade foron concedidas, se existiu seguimento e control para que a subvención fose utilizada correctamente para unha finalidade, si ten coñecemento a Xunta dalgúns problemas sinalados por escuderías do sector, si ten previsto a Xunta algunha actuación para esclarecer o ocorrido, etc.

Así, pois, presentamos as seguintes preguntas:





1.<sup>a</sup>) ¿Que subvencións se teñen concedido por parte da Xunta de Galiza á Federación Galega de Automovilismo?

2.<sup>a</sup>) ¿En base a que actividade e para que finalidade?

3.<sup>a</sup>) ¿Que mecanismos ten establecido a Xunta para asegurar que a subvención se utiliza correctamente?

4.<sup>a</sup>) ¿Ten coñecemento a Xunta dos problemas denunciados por algunha escudería en relación co funcionamento da Federación Galega de Automovilismo que poderían afectar á subvención concedida?

5.<sup>a</sup>) ¿Pensa ter algún tipo de actuación ao respecto?


Santiago de Compostela, 20 de abril de 2004.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
pp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



### À Mesa do Parlamento


**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de construción dun auditorio en Agolada.

As actuais infraestruturas culturais coas que conta Agolada (Casa da Cultura) non son aptas nin suficientes como para albergar os grupos e colectivos, e en xeral a actividade e dinámica sociocultural existente en Agolada. Neste contexto, xerouse desde hai tempo unha importante demanda social neste concello a fin de dotalo de medios que posibilitasen en condicións o desenvolvemento e realización destas actividades.

Recentemente, desde a Consellaría de Cultura se confirmou a intención de acometer a construción dun Auditorio neste concello. Contodo, existen interrogantes que cumpre despexar.

Alguns deles teñen a ver cos terreos que se utilizarán para a súa construción, e o método a seguir para a súa cesión. Tense sinalado o contorno dos Pendellos como lugar escollido, se ben existen outras opcións, como a zona onde se levantaba o antigo cuartel da Guarda Civil, que probabelmente sería a ubicación máis axeitada.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.



1ª) Cales van ser as condicións e características técnica do novo auditorio de Agolada?

2ª) Que cantidade vai investir a Xunta de Galiza na súa construción?

3ª) Que cantidades van investir outras institucións –concello e Deputación Provincial de Pontevedra- na súa construción?


4ª) En que terreos será ubicado?

5ª) Producirase unha recualificación de terreos por este motivo?

6ª) Cales van ser os prazos construtivos?

7ª) Cando entrará en funcionamento o novo auditorio de Agolada?


Santiago de Compostela, 20 de Abril de 2004

  
Asdo. Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG

Grupo Parlamentario



## Á Mesa do Parlamento



**Carmen Gallego Calvar**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

No ano 1.994 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Servizo de Información Pesqueira (SIP), para a recolleita e a elaboración de estatísticas sobor da produción pesqueira e marisqueira de Galicia.


Con este SIP creouse o dominio [www.sipgalicia.org](http://www.sipgalicia.org), ao que podían acceder as confrarías da comunidade autónoma a través dunha clave para consultar datos estatísticos das distintas especies e lonxas de Galicia, o que servía de útil ferramenta de traballo, tanto para establecer comparanzas de prezos como para comprobar a evolución da produción nas distintas organizacións sectoriais.

Posteriormente, no ano 2003 se crea unha nova aplicación do “sipgalicia”, baixo o entorno de *windows*, co dominio [www.sipsipgalicia.org](http://www.sipsipgalicia.org), no que o acceso é tamén para as organizacións sectoriais a través dunha clave facilitada pola propia Administración autonómica.


Neste ano comezanse a detectar problemas coa aplicación do 1º dominio “sipgalicia”, dado que bloquea os datos estatísticos dos anos anteriores, só permite acceder ás estatísticas do ano en curso.

A primeiros deste ano 2004 a Xunta crea a través dunha empresa a “Plataforma tecnolóxica para a xestión dos produtos mariños” que reduce aínda máis o campo de consulta de datos e só permite traballar nas estatísticas do propio porto.

A ferramenta que constituía o primeiro dominio “sipgalicia”, ten axudado ás organizacións sectoriais na elaboración de importantes documentos de traballo, que foron referencia en moitos foros e útiles na avaliación das tendencias de crecemento ou non de cada porto.



■ Grupo Parlamentario



obtención de datos era moi exhaustiva, por portos, por especies, por días, semanas, meses ou anos, por prezos, por caladoiros, etc.

— A desaparición ou o non acceso a este dominio, xunto coas limitacións do actual servizo, eliminan as posibilidades tanto para as organizacións sectoriais coma para a propia sociedade de consultar datos de xeito pormenorizado sobor do que representa a pesca no conxunto da economía do noso país.

Polo exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) ¿Cales son as razóns polas que os anteriores dominios xa non ofrecen datos de anos anteriores para consultar por parte do sector pesqueiro galego?

2.<sup>a</sup>) ¿Por que a nova Plataforma tecnolóxica non permite acceder ás estatísticas de anos anteriores nin de outras lonxas ou portos que non sexan ás propias?

3.<sup>a</sup>) ¿Trasladou a Xunta de Galicia os datos que contiña o primeiro dominio do “sipgalicia” ao segundo ou á nova Plataforma Tecnolóxica?


4.<sup>a</sup>) ¿Ten prevista algunha mellora do actual servizo a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos? De ser así, en que prazos considera que estará disponible coas mesmas funcións que posuía o primeiro dominio do “sipgalicia”?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2004

Asdo: Carmen Gallego Calvar  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



■ Grupo Parlamentario



### Á Mesa do Parlamento

**Margarita Pérez Herráiz e Manuel Luis Rodríguez González**, deputada e deputado pertencentes ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**:

O pasado venres 16 de abril, no telexornal do mediodía, a TVG deu cobertura ao debate de investidura de José Luis Rodríguez Zapatero como Presidente do Goberno. Tras informar da intervención do BNG no Congreso e da resposta de Zapatero a este grupo, a TVG decidiu ofrecer aos telespectadores as opinións da deputada do PP Ana Pastor, do Secretario Xeral do PPdeG, Xesús Palmou, e do conselleiro de Política Territorial, Alberto Núñez Feijóo.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) ¿En calidade de qué representación se deu cabida a unha valoración da deputada do Partido Popular Ana Pastor?

2.ª) ¿Por que a TVG non buscou ou non emitiu as opinións de representantes dos distintos partidos políticos?

3.ª) ¿Que criterios informativos levaron á selección destes voceiros para valorar o discurso de Zapatero?

4.ª) ¿Considera o Sr. director da CRTVG que seleccións de opinións como esta responden aos principios de pluralidade e obxectividade que teñen que rexir as informacións da TVG, segundo os principios xerais de programación?


Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2004.

Asdo.: Margarita Pérez Herráiz

Manuel Luis Rodríguez González

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





#### Á Mesa do Parlamento

**Natividad González Laso e Francisco Cerviño González**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En moitas ocasións, os socialistas temos manifestado a necesidade de actuacións comprometidas coa mellora da atención sanitaria na área de Ferrol, non soamente no referido ao incremento de recursos humanos e de investimentos, senón tamén de xestión e coordinación dos recursos materiais xa existentes, para unha mellor eficacia.

Pero é que, ademais, as características da poboación deste contorno debe facernos especialmente sensibles e atentos con esta cuestión.

Efectivamente, segundo un estudio do Club Eurosaude, a proporción de envellecemento desta área acadou o 20% e supera o 30% en 7 dos 20 concellos que a conforman.

Por outra banda, un informe elaborado por Farmaindustria, "El paciente en España", sinala que a metade da poboación padece enfermidades crónicas, fundamentalmente nas enfermidades reumáticas -artrite e artrose-, hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, diábetes mellitus e dislipemias, consecuencia tanto do aumento da esperanza de vida como doutros factores.

Desta poboación, son precisamente as persoas maiores de 65 anos as máis afectadas por estas patoloxías crónicas, con repercusións anímicas persoais e cun forte impacto na vida das súas familias.

Os doentes con enfermidades crónicas acoden con moita frecuencia ao seu médico de cabeceira en atención primaria, pero tamén son policonsultados polos especialistas, e teñen tamén elevados índices de ingresos hospitalarios.

A moi deficiente coordinación entre a atención primaria e a atención especializada xera múltiples problemas a estes doentes, creándolle enormes dificultades no circuito interno do sistema, producindo duplicación de probas diagnósticas, co conseguinte incremento do gasto, (innecesario), e en definitiva, diminuíndo a calidade total do sistema.

Parece lóxico pensar que a unificación dos dous niveis de atención sanitaria melloraría a coordinación, producindo unha mellora na calidade total, e sen dúbida tamén unha mellor eficiencia en relación ao custo sanitario.



■ Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE
	20 ABR. 2004	
	Núm.: 15010	

Ademais, a dependencia de atención primaria da xerencia da Coruña cremos que coloca a área sanitaria con máis déficit de recursos de Galicia nunha posición subordinada que non favorece o seu imprescindible desenvolvemento.

— Non parece, pois, difícil de entender que o envellecemento da poboación produce novas necesidades de atención sanitaria. Necesidades que deben ser analizadas polos gobernos co fin de adoptar medidas que garantan o dereito fundamental á saúde e o cumprimento da responsabilidade que teñen que velar pola saúde da cidadanía.


— Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.) ¿Ten previsto o Goberno galego implantar na área sanitaria de Ferrol unha xerencia única, expresamente dedicada a esta área, que coordine a Atención Primaria e a Atención Especializada? De ser así, ¿cando ou en que horizonte temporal?

3.) ¿Cantos afectados polas ditas enfermidades crónicas hai contabilizados en Ferrol e cantos padecen máis dunha?

4.) ¿Cal é o número de casos de enfermidades crónicas na área sanitaria de Ferrol, especificando cada unha delas?


Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2004.




Aído.: Natividad González Laso

Francisco Cerviño González

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia







Á Mesa do Parlamento

**Natividad González Laso e Miguel Cortizo Nieto**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

O lugar de Páramo, próximo ao regato de Forxa, pertencente ao termo municipal das Pontes, estase vendo afectado, dende hai varios meses, por un vertido de residuos oleosos.

Este vertido produciuse como consecuencia dun accidente na estrada comarcal 641, no que se viu implicado un camión cisterna que transportaba residuos industriais.

En varias ocasións, os socialistas ponteses, comunicaron á Consellería de Medio Ambiente a existencia de abundantes manchas nas parcelas próximas ao accidente, solicitando a adopción de actuacións inmediatas para a limpeza e a recuperación medioambiental da zona afectada.

Lamentablemente, ningún responsable da Consellería dou conta desta demanda, nin cun escrito, dándose por enterados, nin coas accións efectivas que se demandaban.

Por todo iso, é a vista da inacción da Xunta no referente ás súas obrigas en materia medioambiental, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) ¿Por que non se adoptou ningunha medida para a recuperación medioambiental desta zona, tendo como tiñan comunicación do vertido?

2.<sup>a</sup>) ¿Cando teñen previsto proceder á limpeza e á recuperación medioambiental destas parcelas?



3.<sup>a</sup>) ¿Cales son as medidas ou actuacións que pensan desenvolver?



Grupo Parlamentario	PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA	PSG PSOE
	20 ABR. 2004	
	Núm.: 15013	

4.<sup>a</sup>) ¿Non considera o Goberno galego que se debería ter feito algunha comunicación escrita aos que advertiron deste accidente con consecuencias medioambientais?

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2004



Asdo.: Natividad González Laso

Miguel Cortizo Nieto

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





### Á Mesa do Parlamento

**Manuel Luis Rodríguez González**, deputado pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

1.<sup>a</sup>) ¿Cantos alumnos e alumnas da etapa de Educación Infantil que padezan algún tipo de minusvalía física que impida a súa autonomía motriz e que necesitan transporte especializado ten rexistrados a Xunta de Galicia, expresado por provincias?

2.<sup>a</sup>) ¿Cantos alumnos e alumnas da etapa de Educación Primaria que padezan algún tipo de minusvalía física que impida a súa autonomía motriz e que necesitan transporte especializado ten rexistrados a Xunta de Galicia, expresado por provincias?


3.<sup>a</sup>) ¿Cantos alumnos e alumnas da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria que padezan algún tipo de minusvalía física que impida a súa autonomía motriz e que necesitan transporte especializado ten rexistrados a Xunta de Galicia, expresado por provincias?

4.<sup>a</sup>) ¿Cantos alumnos e alumnas da etapa de Educación Secundaria Postobrigatoria que padezan algún tipo de minusvalía física que impida a súa autonomía motriz e que necesitan transporte especializado ten rexistrados a Xunta de Galicia, expresado por provincias?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2004.

Asdo.: Manuel Luis Rodríguez González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

■ Grupo Parlamentario

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Luis Rodríguez González**, deputado pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta escrita.


1.<sup>a</sup>) ¿Cantos nenos e nenas entre 0 e 3 anos afectados de parálise cerebral ten rexistrados a Xunta de Galicia, distribuídos por provincias?

2.<sup>a</sup>) ¿Cantos nenos e nenas entre 3 e 5 anos afectados de parálise cerebral ten rexistrados a Xunta de Galicia, distribuídos por provincias?

3.<sup>a</sup>) ¿Cantos nenos e nenas entre 6 e 12 anos afectados de parálise cerebral ten rexistrados a Xunta de Galicia, distribuídos por provincias?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2004.

Asdo.: Manuel Luis Rodríguez González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

<b>PARLAMENTO DE GALICIA</b> <b>REXISTRO XERAL ENTRADA</b>
20 ABR. 2004
Núm.: <u>15016</u>



### Á Mesa do Parlamento


**Manuel Luis Rodríguez González**, deputado pertencente ó **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

1.<sup>a</sup>) ¿De que medios dispón a Xunta de Galicia para o transporte de alumnado afectado por algún tipo de minusvalía que limite ou impida a súa autonomía motriz, nos distintos niveis de ensino, e desglosados por provincias?

2.<sup>a</sup>) ¿Que empresas, Institucións, Asociacións ou calquera outro axente social pón a disposición da Xunta de Galicia transporte especialmente adaptado para estes casos, desglosado por provincias?

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2004,

Asdo.: Manuel Luis Rodríguez González  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia






OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




## Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita, relativa a peregrinación de xóvenes cristiás con motivo do Ano Xacobeo.

Entre os días 5 e 8 de Agosto o Arzobispado de Santiago de Compostela e a Conferencia Episcopal programan a Peregrinación Europea de Xóvenes, que partirá de A Coruña, Tui, Ribadeo, Sarria e Ourense. Este evento rematará no Obradoiro o día 5 de Agosto, celebrándose esa mesma noite un concerto no Monte do Gozo no que os organizadores anuncian que vai colaborar o Xacobeo.

Polo dito formulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Vai colaborar a Xunta de Galiza coa Peregrinación Europea de Xóvenes?
- 2.- Que criterios manexa a Xunta de Galiza para xustificar o seu apoio a esta iniciativa?
- 3.- En que se concreta a colaboración da Xunta de Galiza?
- 4.- Que actuacións están programadas para o 5 de Abril no Monte do Gozo?



5.- Que cantidades se destinan ao apoio deste evento? A cargo de que partida orzamentaria?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2004.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo


Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa. 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




## Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita, relativa ao Observatorio da Publicidade.

A Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista acordou crear no seo desta comisión, un Observatorio de Publicidade, co fin de lograr unha maior efectividade no desenvolvemento das competencias que ostenta. Este observatorio nace coas seguintes funcións:

- A recollida de denuncias sobre anuncios e campañas publicitarias consideradas sexistas.
- Análise e clasificación dos contidos denunciados co fin de obter unha visión da situación actual da publicidade, xerada na Galiza, con respecto ás mulleres.
- Recibir información sobre medidas e actividades que poñan en marcha as Administracións Públicas en materia de publicidade non sexista.
- Constituír un foro de intercambio e comunicación sobre a publicidade non sexista, entre esta administración e a sociedade.






-Difundir a información obtida co fin de continuar fomentando o rexeitamento ao tratamento discriminatorio na publicidade e nos medios de comunicación.

A publicidade é, na nosa sociedade, un mecanismo máis que transmite e proxecta valores e estereotipos, que reproducen moitos dos esquemas sexistas que operan no noso entorno. Todos os días vemos, nas pantallas e na prensa escrita, publicidade onde as mulleres son cousificadas, utilizadas como reclamo para a venda de produtos destinados maioritariamente ao consumo masculino. Publicidade onde se nos presenta unha imaxe da muller sumisa, preocupada polo seu aspecto físico, ou desenvolvendo as tarefas tradicionalmente asociadas ao xénero feminino. Isto supón un trato discriminatorio, reforzándose os valores e roles que perpetúan ás mulleres ao desempeño das tarefas domésticas e que obxectualizan os seus corpos.


Sabemos das dificultades para incidir neste ámbito e dos problemas para incidir nun negocio que move grandes sumas de diñeiro e fortes intereses. Mais entendemos que é necesario intervir no mesmo e introducir, entre as axencias e medios de comunicación, a convicción de que a transmisión dunha imaxe respeitosa coas mulleres e a eficacia na venda de produtos non só é posíbel, senón beneficiosa para o conxunto da sociedade.

Polo dito, formulanse as seguintes preguntas:



1. Que número de denuncias sobre publicidade sexista se recolleron neste observatorio? Sobre que anuncios ou campañas? Cal foi a resolución destas denuncias?
2. Que información trasladaron as Administracións Públicas sobre medidas e actividades postas en marcha en materia de publicidade non sexista?
3. Que mecanismos se utilizaron para difundir a existencia deste observatorio?
4. Que medidas de concienciación se desenvolveron a fin de concienciar sobre o rexeitamento do trato discriminatorio nos medios de comunicación?
5. Realizou o observatorio actividade de oficio sen necesidade de que exista denuncia previa?
6. Que partida orzamentaria se destina ao funcionamento do observatorio e que cantidade a integra?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2004.


  
Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rua do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



### Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de mellora e ampliación do polígono industrial de Agolada.


O polígono industrial de Agolada presenta unha serie de deficiencias obxectivas que precisan de solución urxente. Aínda que sobre os seus terreos se asentán unha serie de empresas, carece de depuradora de augas, ou mesmo padece problemas na rede telefónica (por exemplo, non é posíbel a instalación de liñas ADSL) que non son de recibo nun polígono industrial. Até problemas no subministro de enerxía eléctrica, que en ocasión non conta coa tensión acaída.

Apresenta tamén, o actual polígono, problemas de accesibilidade, mesmo cun perigo potencial para o acceso desde a estrada Agolada-Betanzos.

Está prevista a ampliación do polígono industrial, mais non se coñecen previsións a respecto da mellora do actual, nin prazos ou condicións da futura ampliación.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1ª) Ten financiado ou cofinanciado a Xunta de Galiza o actual polígono industrial de Agolada?



2ª) En caso positivo, con que cantidades, en que anualidades, e para que cometidos concretos?

3ª) Que avaliación realiza o Goberno galego sobre o estado actual deste polígono industrial?

4ª) Coñece a Xunta de Galiza o proxecto e condicións da futura ampliación?

5ª) Cal é a súa opinión?

6ª) Apoiará o Goberno galego este proxecto?

7ª) En que prazo estará rematado?


8ª) Ten previsto a Xunta de Galiza acometer a realización de melloras e de dotación de servizos e accesos para o funcionamento óptimo deste polígono industrial?

Santiago de Compostela, 20 de Abril de 2004

Asdo. Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórneo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-brng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



### Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de concentración parcelaria en Agra e O Sexo (Agolada).

Hai anos que os veciños e veciñas de Agra e O Sexo, no concello de Agolada, veñen solicitando a posta en marcha dun proceso de concentración parcelaria nestes lugares. A día de hoxe, nin se fixo nada por parte da Xunta de Galiza, nin existen indicios nin noticias de que se vaia facer.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1ª) Ten previsto a Xunta de Galiza acometer procesos de concentración parcelaria en Agra e O Sexo, no concello de Agolada?

2ª) En caso positivo, en que prazos?

3ª) Por que razón non se atenderon as peticións veciñais?

Santiago de Compostela, 20 de Abril de 2004

  
Asdo. Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**  
**ESTRUCTURA**

**1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

**1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS**

**1.1.1 LEIS**

**1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO**

**1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO**

**1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

**1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI**

**1.2.1 PROXECTOS DE LEI**

**1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI**

**1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR**

**1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS**

**1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO**

**1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS**

**1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

**2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

**2.1 INVESTIDURA**

**2.2 MOCIÓN DE CENSURA**

**2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA**

**3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

**3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI**

**3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS**

**3.1.2 OBXECCIÓNS**

**3.1.3 DITAME DA COMISIÓN**

**3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO**

**3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA**

**3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**

**3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**

**3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS**

**3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS**

**3.3.1 PROGRAMAS E PLANS**

**3.3.2 INFORME DA PONENCIA**

**3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**

**3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS**

**3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN**

**3.5 MOCIÓNS**

**3.5.1 MOCIÓNS**

**3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS**

**3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS**

**3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI**

**3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO**

**3.6.1.1 PROPOSICIÓNS**

**3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS**

**3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS**

**3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN**

**3.6.2.1 PROPOSICIÓNS**

**3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS**

**3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS**

**3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN**

**3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA**

**3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

**3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS**

**3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO**

**3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

**3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**

**4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

**4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA**

**4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO**

**4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN**

**4.2 INTERPELACIÓNS**

**4.3 PREGUNTAS**

**4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO**

**4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES**

**4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA**

(Continúa)

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
- 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
- 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
  - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
  - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
    - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
    - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
  - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
    - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
  - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
  - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
  - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
  - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
  - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
  - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
  - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
  - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
  - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
  - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
  - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓN OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
  - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
    - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
    - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
    - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
    - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
    - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
    - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
  - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
    - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
    - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
  - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
    - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
    - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
    - 7.3.3 CONVOCATORIAS
    - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
      - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
      - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
      - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
      - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
      - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
      - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
    - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.2 PERSOAL
  - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
    - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
    - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
    - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
    - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
    - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
  - 9.1 INFORMACIÓNS
  - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.  
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727